



2014



MEMORIA
2014

SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ MANCOMUNIDADE DE ORDES

ANTECEDENTES

O Servizo de Atención Temperá da Mancomunidade de Ordes, situado no concello de Ordes funciona para toda a comarca dende outubro de 2008.

O obxectivo principal do servizo é atender ás necesidades de intervención de contido social que se detectan nas familias dos nenos e nenas da comarca de Ordes para complementar a atención sectorial que se presta dende os ámbitos sanitario e educativo, abordando a prevención en todos os seus grados , primaria , secundaria e terciaria.

O servizo ten como pilares fundamentais os principios recollidos no “Libro Blanco de Atención Temprana” e segue as recomendacións técnicas e os estándares de calidade publicados polo Real Patronato de Discapacidade.

POBOACIÓN DESTINATARIA

Poboación infantil de 0 a 6 anos da comarca de Ordes

- nenas e nenos con trastornos ou necesidades permanentes.
- nenas e nenos con trastornos ou necesidades transitorias.
- nenas e nenos en risco biolóxico ou social.

Poboación infantil de 7 a12 anos con discapacidade (certificado de minusvalía superior ó 33%) que precise intervención especializada.

Familias e profesionais vinculados o eido da primeira infancia da comarca de Ordes.

OBXETIVOS XERAIS DO SAT

- 1.Ofrecer unha intervención especializada de cara o óptimo desenvolvemento dos nenos e nenas.
2. Actuar como medida de prevención da dependencia social e de promoción do benestar.
3. Promover a integración dos nenos e nenas con discapacidade ou desenvolvemento atípico no seu entorno próximo.

Dende o SAT trátase de acadar o obxetivos seguindo as recomendacións da Comisión Europea dende a cal se establece como obxetivos principais da Atención temperá mediante os seguintes tipos de actuacións

Multidimensionais

Centradas na familia e no entorno natural do menor

Planificadas na programación individual de traballo

FUNCIÓNS DO SERVIZO

1. Valoración e atención de situacións de risco para o desenvolvemento do neno/a.
2. Valoración para a intervención nas dificultades en distintas áreas do desenvolvemento: psicomotora, cognitiva, comunicativa e adaptativo-social.
3. Tratamento individual e específico para cada neno/a, a súa familia e o seu entorno.
4. Colaboración e asesoramento técnico coas entidades sanitarias, sociais e educativas para a integración do neno e para a prevención de situacións de risco.
5. Divulgar e informar en todos os ámbitos sanitarios, educativos e sociais sobre a importancia da detección, prevención e intervención precoz.
6. Actuar como medida de protección da primeira infancia ao tempo que medida de contención dos sistemas familiares con menores en risco.

PROFESIONAIS

Dende o 2018 o servizo conta con

- Unha Licenciada en Psicoloxía a tempo completo.
- Unha Diplomada en Logopedia a tempo completo.

Debido os datos cuantitativos de poboación diana da comarca, as listas de espera e a demanda tanto de atención individual como comunitaria **no ano 2014** os sete concellos que forman a Mancomunidade valoraron e aprobaron a incorporación de dous novos profesionais a media xornada **de xuño a decembro de 2014**.

- Unha Licenciada en psicopedagogía .
- Unha Diplomada en Logopedia .

METODOLOXÍA

Eixo individual

A metodoloxía da intervención individual establécese da seguinte maneira:

1. Detección do trastorno.
2. Estudio e diagnose contrastada.

3. Programa de intervención individual.
4. Seguimento da intervención.
5. Avaliacións parciais do plan de intervención
6. Avaliación final.
7. Alta no servizo e/ou derivación a outros servizos.
8. Seguimento (de selo caso).




Gráfico 1: Esquema da intervención no SAT

Eixo comunitario

A metodoloxía da intervención comunitario establécese da seguinte maneira:

1. Elaboración dos materiais específicos: guías, artigos, presentación .
2. Organizar e executar as actividades divulgativas/ comunitarias:

Impresión e divulgación do material (guías)


Actualización da páxina web.

Elaboracións das presentación das charlas nos coles.

MEMORIA DE ACTIVIDADES

DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE CASOS ATENDIDOS DENDE XANEIRO A NOVEMBRO DO 2014 NO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DA MANCOMUNICADE DE ORDES

2014
Casos totais: 152
Activos : 102
Altas : 50
*



*Estes datos refírense a usuario directo , para dispor de datos precisos sobre o número de persoas beneficiarias do SAT habería que ter en conta que por cada usuario directo aténdense unha media de 3 usuarios correspondentes os membros da familia do mesmo .

PORCENTAXE DE FAMILIAS ATENDIDAS/ FAMILIAS DO CONCELLO CON NENOS ATA 6 ANOS NO ANO 2014

Cerceda	16 familias de 232 con menores
Frades	6 familias de 65 con menores
Mesía	10 familias de 95 con menores
Ordes	35 familias de 843 con menores
Oroso	57 familias de 785 con menores
Tordoia	11 familias de 83 con menores
Trazo	17 familias de 123 con menores

O SAT atendeu no 2014 o 8'6% das familias da comarca con nenos de ata 6 anos.

* As porcentaxes foron calculadas en base os datos expostos no IGE en canto a poboación infantil dos concellos.

Número nenos e nenas e as súas familias atendidos en atención individual durante o ano 2014	152
Número de usuarios activos decembro 2014	102
Número de altas durante o 2014	50

PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS. DETALLE CUANTITATIVO (a 21/12/2012)

Mes	Entrevistas iniciais/acollida Sesi3ns de valoración e devolución de resultados	Sesi3ns de intervenci3n	Sesi3ns seguimento	Acci3ns de coordinaci3n
Xaneiro	36	159	9	3
Febreiro	14	163	9	4
Marzo	22	176	4	3
Abril	29	172	8	5
Maio	18	174	5	3
Xu3o	9	105	9	3
Xullo	24	146	9	0
Agosto	17	207	6	0
Setembro	15	243	12	7
Outubro	29	187	16	9
Novembro	13	256	13	7
Decembro	11	63	7	1
Total	237	2051	107	45

Accións Comunitarias:

-Mesas de traballo temática nos colexios do concello de Oroso: Debido a incidencia de casos con diagnóstico de TEA o profesorado do CEIP Oroso solicita o SAT unha mesa de traballo sobre o Síndrome de Asperger. Realízase o 4 de novembro na biblioteca do colexio , a mesa de traballo acudiron todos os mestres o centro escolar e os técnicos de servizos sociais do Concello de Oroso. As mesas contaron tamén coa colaboración da Psicóloga de ASPERGA (Asociación de Persoas con Síndrome de Asperger de Galicia).

- Divulgación e distribución do traballo “ Aprendemos coa nosa tradición” . (pode consultarse a versión on-line en servizos mancomunados de www.mancomunidadeordes.org)

- Elaboración de artigos vinculados o desenvolvemento infantil e publicitación na páxina web.(poden consultarse en www.mancomunidadeordes.org; servizos mancomunados: atención temperá)

Detalle accións de coordinación por meses. Entrevistas presenciais e accións de coordinación.

Mes	Entrevistas/reunións de coordinación
Xaneiro	Servicios Sociais comunitarios Ordes CIM(Centro de Información a Muller de Ordes Educatora familiar de Ordes
Febreiro	Colexio Sigüeiro Colexio Ramón de la Sagra Colexio Campomaior. Ordes Escola infantil municipal Sorrisos. ordes
Marzo	Escola infantil municipal de Cerceda Colexio Sigüeiro Colexio Sigüeiro (colexio novo)
Abril	Colexio Sigüeiro e Down Compostela. Oroso Colexio O mesón do Vento.Ordes Colexio O cruce . Cerceda Colexio Viaño Pequeño Trazo Colexio A Silva. Cerceda

Maio	Colexio Campomaior. Ordes Reunión FAXpDGA Equipo de Servizos Sociais Comunitarios de Oroso.
Xuño	Colexio de Xanceda. Mesía. Asociación Down Compostela Colexio Celso Emilio Ferreiro . A Silva
Setembro	Colexio A Silva. Equipo de Servizos Sociais Ocmunitarios de Oroso. ANPAS Oroso. Departamento de Orientación de Oroso e Equipo de Servizos Sociais de Oroso. Colexio Viaño pequeno. Trazo. Colexio Campomaior. Ordes. Escola infantil A Granxa. Ordes Colexio castelao. Ordes.
Outubro	Colexio Sigüeiro Colexio de educación especial A Barcia. Santiago. Colexio Ponte Carreira. Coordinadora de centros de auditivos especializados en infancia. Escola infantil Trastes e Servizo psicopedagóxico Escola con Talento. Terapeuta Ocupacional, CHUS. Pediatría de atención primaria de Cerceda. Colexio San Jorge. Santiago. Colexio Lavacolla. Santiago
Novembro	Colexio Sigüeiro e Down Compostela Centro de recursos Manuel Lopez Navalón. Santiago. Colexio Campomaior. Equipo Servizos sociais Oroso. Colexio Pecalama. Tordoia. Colexio A Silva. Centro psicopedagóxico Ensinarte
Decembro	Centro psicopedagóxico . Oroso
Total	45

**Nesta táboa non se reflexan as accións de coordinación vía informe, nin a coordinación vía telefónica ou mail.*

ACTUACIONES DE CALIDADE. INDICADORES:

1. Formación :

Congreso Internacional de AELFA (Setembro Murcia)

Taller Intervención en Atención Temperá, enfoque centrado na familia (Setembro. Murcia)

Mesas de experiencias sobre trastornos da linguaxe. (Setembro . A coruña)

Estimulación da linguaxe e as habilidades sociais do alumnado don Trastorno Específico da Linguaxe (Setembro. Santiago)

Xornada ASPANAES: Comprendiendo y apoyando a personas con Trastorno de Espectro Autista en educación (Outubro . A Coruña)

Xornada ASPANAES: La pragmática del lenguaje en niños con Trastorno de Espectro Autista; aspectos primarios y secundarios (Outubro. A Coruña)

O Dereito do adoptado a coñecer os seus orixes (Outubro . Santiago)

Atención temprana . enfoque multidisciplinar. (Outubro-dicembro)

Curso sobre a intervención pragmática (Novembro . Santiago)

XI Xornadas interdisciplinares de Atención temperá (Novembro . Santiago)

2.Outras accións no eido da atención temperá.

Colaboración como membro da xunta directiva de AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá)

Colaboración como membro da xunta directiva co CPLGA (Colexio Profesional de Logopedas de Galicia)

Elaboración de cuestionarios de calidade para as familias nos que se recollen as súas impresións sobre os servizos así como as propostas de mellora.



SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes

3. Compromiso co emprego da lingua galega no servizo

No servizo de Atención Temperá usase o galego como lingua de referencia para a elaboración de informes e programacións individuais correspondentes ós usuarios do servizo, así como nas sesións de intervención directa realizadas, tanto no eixo individual como no eixo comunitario.

Tamén se empregou a lingua galega no programa divulgativo “Aprendemos coa nosa tradición”, así como para os diferentes artigos publicados na paxina web.

Ordes . 7 de xaneiro de 2015

A psicóloga do servizo de Atención Temperá

A Logopeda do servizo de Atención Temperá

Raquel Boquete Orgeira
Nº Colex. G-3443

Iria Botana Lois
Nº Colex: 15/004